

ANEXO I

SOLICITUDE DE ACTUACIÓNS DA SUBMEDIDA M10.22 DE CONSERVACIÓN DE RECURSOS
XENÉTICOS NA AGRICULTURA/CULTIVOS-CASTES AUTÓCTONAS 2016

Nº DE PROTOCOLO ^(*)	CIAM/08/2016
--------------------------------	--------------

^(*) A encher polo SXEA

1.- ACTUACIÓN PROPOSTA

Avaliación de variedades locais de chícharos (*Pisum sativum ssp*) e feixóns (*Phaseolus vulgaris ssp*) destinados tradicionalmente á alimentación humana en sistemas agrícolas sostibles

2.- ENTIDADE SOLICITANTE

Centro Institucional/Entidade Colaboradora:

CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO

Enderezo:

C. Postal:
15318

Concello: Abegondo

Provincia: A Coruña

Tfn: 881881855

Fax: 881881800

Correo electrónico:
gonzalo.flores.calvete@xunta.es

3.- XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN PROPOSTA

Ano 2016:

As leguminosas conforman un dos grupos vexetais de maior amplitude de posibilidades de uso, desde o consumo dos seus grans (secos ou verdes) e as súas vainas verdes como fontes de proteína de alto valor biolóxico tanto en alimentación humana como animal, pasando polo emprego das follas e talos como forraxe ou feno, o cultivo para adubo verde, até como plantas medicinais ou ornamentais.

O seu papel nas rotacións de cultivos é ben coñecido por agricultores e gandeiros, como enriquecedoras de nitróxeno e melloradoras da estrutura do solo.

Máis se acudimos aos últimos anuarios de estatística agraria podemos constatar unha redución continua das superficies destinadas ao seu cultivo, entre as que destacan o feixón seco (*Phaseolus vulgaris ssp.*) que pasou de 3.490 ha en 2005 a 2.003 ha en 2013.

Dentro do feixón seco, e segundo datos do anuario do Ministerio de Agricultura de 1995, había en Galicia 40.390 ha destinadas ao seu cultivo, que se reduciron a 2.003 ha en 2013 (1.167 ha en cultivo único e 836 ha en cultivo asociado co millo). Esta asociación con millo, que segue a realizarse na actualidade, pasou a ser de carácter máis intensivo nunha compoñente hortícola, onde a asociación co millo ten menos valor para a produción de grao pero máis como titor e medio de loita contra as malas herbas. De todo isto dedúcese a diversidade de sistemas de produción presentes na actualidade, con grande interese nas producións ecolóxicas e nos sistemas agrarios sustentables.

Con respecto ao feixón verde (*Phaseolus vulgaris ssp.*) a superficie cultivada en Galicia pasou de 1.660 ha no ano 2005 a 1.493 ha no ano 2013.

En Galicia o chícharo constitúe unha das leguminosas tradicionais, destacando o seu uso como planta hortícola, cunha superficie cultivada de 178 ha no ano 2013 fronte ás 1.185 ha que se rexistraban no ano 1992. O consumo dos grans verdes (*Pisum sativum ssp.*) coma o consumo de vainas inmaduras de guisante (*Pisum sativum sp. arvensis*), tamén chamadas tirabeques, tivo moita importancia como produto alimenticio na dieta galega e os tirabeques seguen sendo considerados como un produto de calidade diferenciada en restauración.

Desde institucións como a Misión Biolóxica de Galicia ou o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, tense traballado arreo en torno ás tarefas de prospección e recolección de variedades locais, de feito as últimas recoleccións fixéronse no ano 2014, polo que resta aínda parte do traballo de caracterización agronómica dalgunhas das variedades locais das leguminosas conservadas nos bancos de xermoplasma. Este vai ser un dos obxectivos principais dos traballos deste proxecto que se desenvolverán durante o verán de 2016 para a faba e o outono-inverno para os chícharos e tirabeques .

Ano 2017:

Continuarase coa caracterización agronómica das variedades locais de xudías e fabas en cultivo de verán e dos chícharos en cultivo de outono-inverno.

4.- OBXECTIVOS DA ACTUACIÓN PROPOSTA

Ano 2016:

Avaliación agronómica de variedades locais de chícharos (*Pisum sativum ssp*) e feixóns (*Phaseolus vulgaris ssp*).

Valorización das mesmas a través da colaboración con Centros de Formación de Hostalería e xuntanzas cos axentes interesados, como empresas comercializadoras e de primeira transformación de conservas vexetais.

Ano 2017:

Avaliación agronómica de variedades locais de chícharos (*Pisum sativum ssp*) e feixóns (*Phaseolus vulgaris ssp*).

Valorización das mesmas a través da colaboración con Centros de Formación de Hostalería e xuntanzas cos axentes interesados, como empresas comercializadoras e de primeira transformación de conservas vexetais.

5.- METODOLOXÍA

Ano 2016:

Para a avaliación agronómica seguiranse as directrices para a “execución do exame para a distinción, homoxeneidade e estabilidade para todas as variedades de *Pisum sativum*” da Unión para a Protección das Obtencións Vexetais (UPOV).

Deben pois realizarse dous ciclos de cultivo en condicións que aseguren un desenvolvemento satisfactorio os caracteres pertinentes da variedade e para a execución do exame.

Obteranse alomenos 100 plantas que se distribuirán en dúas repeticións. As observacións faranse en 20 plantas ou partes de plantas.

Sementaranse en invernadoiro, nas instalacións do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo, as seguintes variedades locais

Chícharos:

- Momán
- Rorís
- Comelotodo
- Da Cova

Tirabeques:

- NC072310
- NC106972

- Tirabeque de Arnois

Para a avaliación agronómica dos feixóns secos seguiranse as directrices para a “execución do exame para a distinción, homoxeneidade e estabilidade para todas as variedades de *Phaseolus vulgaris*” da Unión para a Protección das Obtencións Vexetais (UPOV).

Deben pois realizarse dous ciclos de cultivo en condicións que aseguren un desenvolvemento satisfactorio os caracteres pertinentes da variedade e para a execución do exame.

No caso dos feixóns secos obteranse alomenos 150 plantas para as variedades de mata baixa que se distribuirán en dúas repeticións, e 60 plantas no caso das variedades de enrame. As observacións faranse en 20 plantas ou partes de plantas.

Con respecto ao feixón seco, o cultivo realizarase ao aire libre, no CFEA de Guísamo, con dous tipos de entitorado :

- entitorado artificial mediante túnel con malla sintética
- de forma asociada con cultivo de millo, sementando unha ringleira de millo entre dúas de fabas colocadas a uns 60 centímetros.

A variedade avaliada é faba de riñón.

Ano 2017:

Para a avaliación agronómica seguiranse as directrices para a “execución do exame para a distinción, homoxeneidade e estabilidade para todas as variedades de *Pisum sativum*” da Unión para a Protección das Obtencións Vexetais (UPOV).

Deben pois realizarse dous ciclos de cultivo en condicións que aseguren un desenvolvemento satisfactorio os caracteres pertinentes da variedade e para a execución do exame.

Obteranse alomenos 100 plantas que se distribuirán en dúas repeticións. As observacións faranse en 20 plantas ou partes de plantas.

Sementaranse en invernadoiro as seguintes variedades locais

Chícharos:

- Momán
- Rorís
- Comelotodo
- Da Cova

Tirabeques:

- NC072310
- NC106972
- Tirabeque de Arnois

As directrices para a “execución do exame para a distinción, homoxeneidade e estabilidade para todas as variedades de *Phaseolus vulgaris*” da Unión para a Protección das Obtencións Vexetais (UPOV).

Deben pois realizarse dous ciclos de cultivo en condicións que aseguren un desenvolvemento satisfactorio os caracteres pertinentes da variedade e para a execución do exame.

No caso dos feixóns verdes obteranse alomenos 150 plantas para as variedades de mata baixa que se distribuirán en dúas repeticións, e 60 plantas no caso das variedades de enrame.

As observacións faranse en 20 plantas ou partes de plantas.

No caso dos feixóns verdes: Avaliaranse seis entradas de semente no banco de xermoplasma do CIAM para caracterizar no verán, que se cultivarán nas instalacións do CFEA de Guísamo ,

- BGE 044882
- BGE 044848
- BGE 044864
- BGE 044851
- BGE 044332
- BGE 044316
- BGE 044869

Con respecto ao feixón seco, o cultivo realizarase ao aire libre con dous tipos de entitorado :

- entitorado artificial mediante túnel con malla sintética
- e de forma asociada con cultivo de millo, sementando unha ringleira de millo entre dúas de fabas colocadas a uns 60 centímetros.

A variedade avaliada é faba de riñón.

6.- PLAN DE DIVULGACIÓN

Reunións:

Ano 2016:

Organización xuntanzas dos técnicos das institucións implicadas no proxecto con cooperativas, empresas comercializadoras, industrias transformadoras e mesmo agricultores interesados.

Ano 2017:

Organización xuntanzas dos técnicos das institucións implicadas no proxecto con cooperativas, empresas comercializadoras, industrias transformadoras, e mesmo agricultores interesados.

Participación no Congreso da Sociedade Española de Agricultura Ecolóxica.

Cursos:

Ano 2016:

Difusión entre o alumnado do Ciclo Superior de Paisaxismo e Medio Rural, así como entre o alumnado do Curso de Aptitude Empresarial Agraria que se imparte no CFEA de Guísamo para mozos de nova incorporación á empresa agraria e alumnado e profesorado do CIFP Paseo das Pontes e do IES Fraga do Eume para a súa avaliación e valorización.

Ano 2017:

Difusión entre o alumnado do Ciclo Superior de Paisaxismo e Medio Rural, así como entre o alumnado do Curso de Aptitude Empresarial Agraria que se imparte no CFEA de Guísamo para mozos de nova incorporación á empresa agraria e alumnado e profesorado do CIFP Paseo das Pontes e do IES Fraga do Eume para a súa avaliación e valorización.

Demostracións:

Ano 2016:

Inclusión dos ensaios do proxecto nas visitas de agricultores e técnicos ao CFEA de Guísamo. Colaboración co CIFP Paseo das Pontes e co IES Fraga do Eume, na valorización de variedades locais de leguminosas como produtos de alta gama na elaboración de platos para a restauración.

Ano 2017:

Inclusión dos ensaios do proxecto nas visitas de agricultores e técnicos ao CFEA de Guísamo. Colaboración co CIFP Paseo das Pontes e IES Fraga do Eume, na valorización de variedades locais de leguminosas como produtos de alta gama na elaboración de platos para a restauración.

Publicacións:

Ano 2016:

Elaboración de artigo sobre o proxecto e a súa execución para publicar na Revista dixital Rocha Nai, editada polo CFEA de Guísamo. A incluír tamén nos apuntes do Curso de Aptitude Empresarial Agraria.

Ano 2017:

Elaboración e publicación de artigo sobre o proxecto e os seus resultados nalgũa revista de divulgación agraria.

Outras:

Ano 2016:

Divulgación da execución do proxecto a través da páxina web e redes sociais.
Participación en programas de televisión especializados en agricultura como Labranza.

Ano 2017:

Divulgación da execución do proxecto a través da páxina web e redes sociais.
Participación en programas de televisión especializados en agricultura como Labranza.

8.- DATA E SINATURA DO SOLICITANTE

En Mabegondo, 14de Xuño de 2016

O/A responsable da unidade solicitante

Asdo.: Manuel López Luaces